

A DERRADEIRA PROPOSTA ORTOGRÁFICA DE MARCIAL VALLADARES

Maricarme García Ares

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

INTRODUCCIÓN

Coincidindo co renacemento do galego como lingua escrita, xorden os primeiros estudos lingüísticos e con eles nace unha conciencia normativista. Séntese o galego como un idioma codificable de aí a necesidade de instrumentos necesarios para o seu coñecemento. E estes instrumentos (gramáticas e dicionarios), teñen que ser prescritivos: a lingua que neles se recolla ten que se-lo modelo. Pero este modelo, ou esta prescrición só se busca nun dos múltiples aspectos da codificación de calquera lingua: na ortografía. Os escritores da segunda metade do século XIX, á hora de escribiren en galego deberon afrontar antes ca nada, o problema de cómo escribir. Isto xustifica que tódolos problemas que pode presenta-la normativización dunha lingua, víronse, agás algúns casos, reducidos a problemas de representación gráfica.

Este protagonismo da ortografía deixou nun segundo plano cuestións coma o léxico ou a morfoloxía. Se hai dicionarios, estes non pretenden establecer normas, non son dicionarios normativos. Se hai gramáticas nelas predomina o elemento descritivo. Indubidablemente a creación desta norma ortográfica xerou fortes discusións, así é todo, centradas en puntos concretos e esquecendo outros que, de non ser pola semellanza co castelán, merecerían a mesma atención. Entre os primeiros hai que sinala-la representación do fonema fricativo prepalatal xordo, a acentuación, o apóstrofo... E entre os segundos sobre todo o emprego de /<v> ou de <h>.

Esta polémica non se dá só na lingua galega, senón que se inscribe no contexto hispánico. Se aquí se trata de crear un modelo ortográfico, nos outros dominios peninsulares trátase de reforma-lo sistema vixente.

No contexto galego poden citarse varias causas como orixe desta polémica . Sen embargo tódalas elas se reducen ó renacer da lingua e da literatura galegas, ó mesmo rexur-

dimento en si. O incremento da produción escrita é facilmente constatable, desde os primeiros escritos nos anos 50 ata finais de século XIX; e a ampliación dos ámbitos de uso do galego acrecéntase día a día. A medida que aumenta a produción escrita conséntanse maiores diferencias, de xeito que cada autor ten o seu propio sistema ortográfico. Ante a falta dunha institución que lexitimase ou establecese unha norma, axiña comezaron as críticas ás escollas realizadas e as diferentes propostas de solucións para supera-lo caos.

Entre os diferentes aspectos que crearon discusión, mencionáronse ocasionalmente temas coma o uso indiscriminado do *b* e do *v*, o emprego do *h*, o uso do *y*, a acentuación... Ningún deles tivo a resonancia da grafía do fonema fricativo prepalatal xordo. Respecto a este houbo tres propostas¹, que simplemente imos mencionar:

- a etimoloxista que propuña o uso dos tres grafemas *g/j/x* segundo a etimoloxía da palabra
- a simplificadora, que defendía o emprego dun único grafema: o *x*
- a de Valladares, que pretendía a utilización dos tres grafemas pero baseándose no castelán.

Cando se fala dos criterios empregados na procura dun modelo de corrección, menciónase a lingua oral, o portugués, o papel do español e por último a tradición antiga do galego. Valladares é coñecido precisamente polo rexeitamento que sempre amosou polo galego oral (a mellor mostra é a súa opinión sobre a gheada²). En canto ó portugués, D. Marcial ten sinalado esta lingua como exemplo do uso do <j> e do <g>. En *Escritura Gallega* di:

Usar en cambio, la g y la j, como hacen los portugueses, según demuestra la lista de voces que a continuación se inserta; voces que instruidos gallegos escriben y aconsejan escribir con x, no obstante pronunciarlas los portugueses como nosotros los gallegos las pronunciamos. Y ¿porque esa diferencia?...

O papel do español está tamén patente neste e noutros artigos (“Deshacerse de la x como el castellano se deshizo...”). O cal non quere dicir que Valladares non fose consciente do problema que supuñan xa daquela os castelanismos, como di na súa gramática “sustituidas diferentes voces gallegas por equivalentes castellanas, tanto que en nuestro país del Ulla nadie, o casi nadie, dice ya alcipresste, arámio, Bièito, cabalèiro, calive-ra...”. Por último, outra das bases desta nova normativa foi nalgún caso a tradición escrita galega que en Valladares foi moi importante, como tamén puidemos apreciar no *Nuevo Suplemento al diccionario Gallego Castellano publicado por D. M. V. N. en 1884* coa recollida de decenas de termos da revista Galicia Histórica, editada unicamente para recoller documentos antigos. En realidade, esta tradición escrita medieval non só foi fundamento da ortografía, senón tamén do léxico.

¹ En Hermida Gulías (1992) trátase este tema profundamente.

² Vid. as súas opinións na *Gramática Galega*.

Marcial Valladares adscribese a este debate como un dos máximos defensores da unificación ortográfica:

“Todos reconecemos la urgencia de que, ya de una manera, ya de otra, se establezcan reglas acerca de la escritura gallega, [...] si esperamos a que un cuerpo científico, o de personas competentes, nos las dicte, quizá la generación actual no logre verlas y, sin pauta fija a que atenernos, tantas sean las maneras de escribir el gallego, que ni nos entendamos, ni haya lector que dentro de poco nos entienda...”

A súa participación no debate ortográfico é froito máis ca nada de tres artigos xornalísticos, pois a pesar de ter escrita unha gramática –*Elementos de Gramática Gallega*– na que trata estes temas a fondo, esta non foi publicada ata datas moi recentes (1970, concretamente) polo tanto a súa repercusión naquel momento foi nula, aínda que evidentemente constitúe unha boa mostra das súas ideas. Os tres artigos son:

“Del apostrofo en la escritura Gallega”, en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, ano I, tomo I, nº 11, de 1879.

“Escritura Gallega” en *Galicia, Revista Regional*, II, nº 6, xuño de 1888.

“Una reflexión” en *Galicia, Revista Regional*, II, nº 8, agosto de 1888.

En cada un deles trata diversos problemas ortográficos, aínda que non existe unha discusión en profundidade sobre o tema. O primeiro deles, como indica o seu título, céntrase no uso do apóstrofo, símbolo que se quixo ver como característico do galego. O segundo trata a cuestión máis polémica de toda a discusión: a grafía do fonema prepalatal fricativo xordo e tamén o sistema de acentuación para marcar abertas e pechadas. “Una reflexión” só é unha crítica a Pérez Ballesteros, un dos seus máximos opositores. Estes tres temas (apóstrofo, fonema fricativo prepalatal xordo e acentuación) aparecen máis ou menos así expresadas na Gramática.

PRESENTACIÓN DUN MANUSCRITO INÉDITO

Descrición

A estes artigos mencionados, hai que engadir un manuscrito que, supomos, pretendía ser tamén un artigo xornalístico, inédito ata agora. O obxecto do presente traballo é dar a coñecer este manuscrito de D. Marcial, sen título, que consta de catro follas, asinado en Vilancosta o 20 de maio de 1896. O primeiro paso, polo tanto, é facer unha descrición física del. Unha palabra abonda para definilo: a pulcritude, coma case tódolos seus manuscritos, ou alomenos coma aqueles destinados a ser publicados. A letra e a presentación son extraordinarias: marxes, primeiras liñas sangradas, separación entre parágrafos, palabras galegas subliñadas, citas a pé de páxina, etc.

Contexto

O manuscrito que agora presentamos xorde a propósito de varios artigos de José Jimeno Agius, economista e escritor, nacido en Castellón, avogado de profesión, pero que se dedicou fundamentalmente á estatística e que ocupou cargos políticos de relevancia. Entre os seus intereses estivo tamén á defensa da ortografía fonética. Este autor publica seis artigos na *Revista Contemporánea*, en Madrid no ano 1896, números 489, 490, 491, 492, 493 e 494 correspondentes ás quincenas de abril, maio e xuño. Recordemos que o artigo de Valladares aparece asinado a 20 de maio, nel D. Marcial cita a *reforma propuesta por el Señor Dn. J. Jimeno Agius*... * Revista Contemporánea*, publicada en Madrid, año 1896, n.ºs. 489, 490 y 491. É dicir, elabora o seu artigo antes de que Jimeno Agius remate a súa proposta. Ademais faino conscientemente, pois no número 491, ó final do artigo temos un *Continuará*.

Os artigos de José Jimeno Agius son unha mostra da polémica ortográfica que se desenvolve no contexto castelán. Faise unha crítica da situación, cuestionando case tódalas representacións con variantes innecesarias.

Contido

O manuscrito de Valladares parte da seguinte afirmación: *debiendo escribir según se pronuncia*. A partir desta aseveración trata de adapta-la escrita á pronuncia da lingua galega, para o cal o seu autor fai unha proposta máis completa ca calquera das anteriores, examinando tódolos puntos posibles, excepto cuestións referidas a acentos e símbolos gráficos. Chega ás seguintes conclusións:

- sobra o <k>
- sobra igualmente o <h>
- propón para a consonante oclusiva velar xorda, [k], o <q> (sen <u>, pois non engade nada que non diga o <q> só), polo tanto sobra o <c>
- o <c> sobra tamén con <e> e <i>, pois para a fricativa interdental xorda, [θ], propón o <z>
- tamén sobra o <x>, grafema tan odiado por Valladares. Para a representación do fonema fricativo palatal xordo propón o uso do <j>, non coa pronuncia castelá, senón coa francesa
- neutraliza a distribución do e do <v> en , por teren as dúas grafías o mesmo son
- ó mesmo tempo sobra o <y> pois a vocal <i> pode desempeña-lo seu papel
- suprime o <u> de <g>, pois no seu sistema terá sempre pronuncia suave, polo tanto é innecesario o <u>
- atribúe dúas grafías para os sons [f] e [r], sen que estas dependan do contexto no que aparecen senón do son: <r> e <rr>, simple e forte, respectivamente.

En cada un destes puntos ofrece sobrados exemplos de como se escribe e/ou de como pretende que se escriba: *qabalo, esqirbente, zerdèira, zigoña, raíña, laiar, Lucas-i-Andrés, agillada, meigería, rrisa, rruada...*

Influencias

Séguese mantendo influencias anteriores. Temos unha boa mostra da influencia que puido ter para Valladares a tradición escrita medieval do galego. Por exemplo, como argumento para as cuestión do <x> e do <rr> expón exemplos das Ordenanzas de Pontevedra “*vigentes en el año 1496 y en documentos gallegos del siglo XV*”: *jubileu, injúria, tanjer, Jácome [...] e rreás, rreceber, rremollo...* E de novo nos dá mostrás da repulsa que sente polo x:

“...lo cual demuestra que los gallegos, escribiendo los anteriores vocablos, unas veces con x, otras con j, pronunciaban ya entonces esta última letra lo mismo que la x, o como la pronuncian los franceses y portugueses. No hay, pues, razón satisfactoria para eliminarla de nuestro dialecto [o j] y preferir la x, tan desusada hoy en la ortografía castellana e contraria a la uniformidad en la escritura de muchísimas palabras”.

O manuscrito é tamén unha evidencia da dependencia que sofre o estudo da lingua galega respecto do castelán, dependencia característica dos estudos daquel momento. Xa de entrada a primeira declaración do autor di:

“creo que las reformas propuestas por el señor Dn. J. Jimeno Agius, relativamente a la ortografía castellana, son aplicables, o pueden adoptarse con referencia a la ortografía gallega como vamos a ver.”

Así e todo, penso que o argumento fundamental de Valladares foi a coherencia que ofrecía este sistema, fronte ós outros coñecidos por el.

CONCLUSIÓN

A transformación que sofre a súa postura inicial é total, pois pártese de posicionamentos contradictorios. Esta alteración tan radical fai cuestionable que verdadeiramente Valladares estivese de acordo con esta teoría. Por unha banda o feito de non publica-lo texto, nin practicar en ningún momento este sistema, fainos pensar que se trata dunha idea pasaxeira. Sen embargo, debemos recordar respecto a isto que non é a única obra que deixou sen publicar e o mellor exemplo disto son os seus *Elementos de Gramática Gallega*. Que Valladares nunca puxese en práctica este sistema, tampouco xustifica nada, pois a partir do ano no que aparece asinado o texto, 1896, Valladares escribe moi poucas cousas (recordemos que morre no 1902). Unha delas é o último dos apéndices a un novo suplemento ó dicionario impreso en 1884, que quizais por mante-la coherencia co resto do dicionario escribiu coas regras ortográficas tradicionais. Outra podería se-la existencia dun relato co título *Qonto*, que parece ser da súa autoría³.

³ Carlos Ferreirós, propietario actual da casa de Vilancosta da familia Valladares, redactou unhas memorias da historia da familia Valladares ata a actualidade. Nalgún punto das mesmas facíase referencia a este título. De momento, non puidemos comprobar se realmente existe.

En calquera caso o texto é bastante declarativo, e non deixa lugar a moitas dúbidas sobre as súas ideas. Outra cousa é que con 75 anos non quixese ou non se sentise coas forzas suficientes para emprender esta nova defensa. Isto, por un lado, supuña unha nova proposta nunca antes defendida en Galicia e en xeral bastante desbotada noutros contextos hispánicos. En realidade, en ningún deles se levaron adiante estes proxectos. En Galicia, haberá que esperar a 1910, para coñecer o que sería o seu máximo difusor Aurelio Ribalta, que defendía a ortografía fonética por considerala máis fácil e democrática. E por outra banda, a defensa da ortografía fonética supuña, para Valladares, botar por terra tódolos argumentos expostos ata o momento.

BIBLIOGRAFÍA

- Colección Diplomática, Galicia Histórica*, Santiago de Compostela, Tipografía Galaica, 1901, 1902, 1903.
- Galicia Histórica*, Revista Bimestral, dirixida por Antonio López Ferreiro, Santiago de Compostela, Tipografía Galaica, 1902, 1903, 1904.
- Hermida Gulías, C., “A polémica ortográfica a finais do século XIX (1888). A grafía do [š]”, *Grial* xxv/97, 1987, pp. 299-316.
- Hermida Gulías, C., *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*, Vigo, Edicións Xerais, 1992.
- Jimeno Agius, J., “Reforma de la ortografía castellana” *Revista Contemporánea*, Madrid, CII, II/489, 1896, pp. 9-26; 490, 1896, pp. 143-151; 491, 1896, pp. 275-283.
- Lorenzo, R. (ed.) *Actas do Coloquio de lexicografía. Santiago de Compostela, 1986*, Anexos de *Verba*, 29, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela / Xunta de Galicia, 1988.
- Valladares Núñez, M., “Del apóstrofo en la escritura Gallega”, en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, ano I, tomo I, nº 11, 1879, pp. 123-124.
- Valladares Núñez, M., “Escritura Gallega” en *Galicia, Revista Regional*, II, nº 6, xuño de 1888, pp. 267-270.
- Valladares Núñez, M., “Una reflexión” en *Galicia, Revista Regional*, II, nº 8, agosto de 1888, pp. 397-399.
- Valladares Núñez, M., *Elementos de Gramática Gallega*, Vigo, Ed. Galaxia, 1970.
- Valladares Núñez, M., *Nuevo Suplemento al Diccionario gallego-castellano publicado en 1884 por Dn. M(arcial) Valladares N(úñez)*. Edición e estudio de Maricarme García Ares, A Coruña, Real Academia Galega, 2000.

Debiendo escribir segun se pronuncia, creo que las reformas propuestas por el señor Dn. J. Jimeno Agius¹ relativamente á la ortografía castellana, son aplicables, ó pueden adoptarse con referencia á la ortografía gallega, como vamos á ver.

En el dialecto gallego desconócese enteramente la letra **k** y, por tanto, sobra en su alfabeto esa consonante. De las demas, es casi inútil la **h** que, si se pronuncia, es aspirada en rarísimos casos, uno de ellos *ahó-ahóla*.

Ejemplos.

Hachado, hèrba, hirman, hòme, hòrta, unha, husmèiro &.

La **c** sobra, teniendo, como tenemos la **q** y, para el **ce**, **ci**, la **z**. Así que, en vez de escribir, por ejemplo, *cabalo, cabaza, cabelo, caldèiro, cègo, centéo, cerdèira, cicèl, cigoña, cinica, còbra, còiro, còitèlo, còlo, cuco, cullèr, cunca, curruncho &*, deberíamos escribir *qabalo, qabaza, qabelo, qaldèiro, zègo, zentéo, zerdèira, zizèl, zigoña, ziniqa, qòbra, qòiro, qòitèlo, qòlo, quqo, qullèr, qunqa, qurruncho*, cuidando de no emplear la **u** en las siguientes voces *esqèiro, esqirbente, forqita, riqiño, triqeza* e otras parecidas.

Sobra asimismo la **x**, pórque, en su reemplazo, tenemos la **j**, pronunciada como la pronuncian los franceses y nunca fuerte, cual la pronuncian los castellanos, lo que, si sucede á veces, es por haberla tomado de estos, no pórque lo permita la eufonía de nuestro dialecto.^(a)

Sobra igualmente la **v**, llamada de corazón, teniendo, como tiene hoy el mismo sonido que la **b**.

Ejemplos.

Vafar, vagajèiro, vèiga, vento, viajèiro, vidro, vòlta, volvoreta, vurruga &.

Y sobra, en fin, la **y** griega, que casi nunca usamos los gallegos y puede la **i** vocal desempeñar su papel².

Ejemplos.

Bòi, bòis, lèi, lèis, raíña, sèi, trai, vai &.

Y, aunque con **y** griega suele escribirse *gayo, gayòla, layar, layo, lòya, maya, pròya, raya, vaya* (del verbo *ir*) y algunhas otras voces, ningun inconveniente habría en escribir *gaio, gaiòla, laiar, laio, lòia, maia, pròia, raia, vaia*.

Además, la conjunción castellana **y** está representada en nuestro dialecto por la vocal **e**, no obstante que en ciertas localidades usen la **y**, cuando á la conjunción **e** sigue otra vocal, como en los siguientes casos, por ejemplo: *Lúcas-y-Andrés*, en vez de *Lúcas-e-Andrés*; *O pai-y-a nai*, en vez de *o pai-e-a nai*; cambio, en el cual nada perdería esa mayor dulzura en la locución, reemplazando la **y** griega con la **i** vocal y escribiendo, en su virtud, *Lúcas-i-Andrés*; *O pai-i-a nai*.

¹ “Revista contemporánea”, publicada en Madrid, año 1896, nº 489, 490 y 491.

² Reforma aplicable á la ortografía castellana, ya pórque nunca la **y** griega debe desempeñar el oficio de vocal, ya pórque, como **ye**, haciéndola consonante, su sonido es siempre de vocal. Y, sino, ¿á que, prescindiendo de la **h**, que no se pronuncia, escribimos con **i** latina *hiedra* (o *yedra** [Pues de las dos maneras se escribe]), *hiel*, *hielo* (ó *yelo*) *hiena*, *hierba* (o *yerba*), *hierro* (metal) & y con **y** griega *yegua*, *yelmo*, *yema*, *yermo*, *yerro* (error), *yescá* &? ¿No es el mismo en ambos ejemplos su sonido?

La **g**, que tanto se resiste á los niños ante las vocales **e i**, debe pronunciarse siempre suave con toda clase de vocales, y así, en vez de escribir, por ejemplo, *anguia*, *aguillada*, *buguina*, *erguer*, *figuèira*, *guedella*, *guèipo*, *guizo*, *mèiguería*, *perguiza* &, deberíamos escribir *agillada*, *angía*, *bugina*, *erger*, *figèira*, *gedella*, *gèipo*, *gizo*, *mèigería*, *pergiza*, suprimiendo la **u**, pero pronunciando estas y otras palabras como si la tuviesen, puesto que la **g**, segun decimos, debe ser suave siempre.

La **r** sencilla solo debe usarse para expresar sonidos suaves como *arèa*, *arèija*, *aròla*, *cirimònia*, *èira*, *groria*, *nòra*, *para*, *por*, *sirín*, *soro*, *zura* &, mientras que la **r** doble, o **rr** los expresa fuertes, como en *arrecadar*, *arrecender*, *arrigar*, *arro*, *arrodear*, *arruzada*, *carrèira*, *carrejar*, *perrogativa*, *porrata*, *porratéo*, *virrèi* &. De ahí que, en vez de escribir con una **r** sola *Remigio*, *Rèi*, *risa*, *ròda*, *Ròque*, *ruada* &, convendría escribir *Rremigio*, *Rrèi*, *rrisa*, *rròda*, *Rròque*, *rruada* y otras muchísimas voces en principio de dicción.^(b)

Vilancosta mayo 20 de 1896.

Marcial Valladares.

^a En las Ordenanzas de Pontevedra, vigentes en el año 1.496, y en documentos gallegos del siglo XV hemos visto escritas con **j**, entre otras muchas voces, las siguientes: *ja* (ya); *Jácome* (Santiago); *jarra*; *seja* (sea); *ája* (haya); *veja* (vea); *ajudar* (ayudar); *trajer* (traer); *tanjer* (tocar); *doje en diante* (de hoy en adelante); *injúria*; *jubileu* (jubileo); *juez*; *julio*; *juntar* &; lo cual demuestra que los gallegos, escribiendo los anteriores vocablos, unas veces con **x**, otras con **j**, pronunciaban ya entonces esta última letra lo mismo que la **x**, o como la pronuncian los franceses y portugueses. No hay, pues, razón satisfactoria para eliminarla de nuestro dialecto y preferir la **x**, tan desusada hoy en la ortografía castellana y contraria a la uniformidad con la escritura de muchísimas palabras.

^b En las mismas Ordenanzas y documentos citados hemos visto igualmente escritas ya con dos **rr** porción de voces que hoy se escriben con una sola y sirvan de ejemplo *rracionèiro* (racionero); *rrayar*; *rreás* (reales); *rreber* (recibir); *rrei*; *rremollo* (remojo); *rrenda* (renta); *rrezina* (resina); *rrío*; *rròda* (rueda); *rrua* (calle); *Enrique*; *onrra* &.